

ACTA NÚMERO: 01/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 8 DE XANEIRO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 8 de xaneiro de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en funcións de Secretario Accidental.
- D. Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de decembro de 2025 (Reunión 49/2025).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Lérez Ediciones, S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025076118)
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025074995)
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Matriuska Producciones, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe "O pesadelo das vacas" (Expte. 2025075339)
5. Dar conta da oferta presentada pola empresa Anna Kulyk (CIF Y4792577N) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe "Os Salmos" (Expte. 2025075340)
6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra) (Expte. 2025057071)
7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)-PRTR (Expte. 2024078759)
8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa O NOSO CLUBE (Expte. 2025075874)
9. Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra (Expte. 2025033864)
10. Apertura electrónica dos sobres "ÚNICOS" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable automaticamente do procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para o secuenciador ABI 3500 Genetic Analyzer da Estación Fitopatolóxica de Areeiro (Expte. 2025064206)
11. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o p.q. 1+000 ata o p.q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño) (Expte. 2025064133)
12. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dinamización dunha comunidade de aprendizaxe transfronteiriza no marco do "Proxecto C2 Axenda 2030 Local", financiado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 (Expte. 2025071495)
13. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación dun acordo marco que rexerá a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do servizo de Infraestruturas e vías provinciais (Expte. 2025048312)



14. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto para a contratación dun acordo marco que rexerá a prestación do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do servizo de Infraestruturas e vías provinciais (Expte. 2025048312)*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de decembro de 2025 (Reunión 49/2025).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 26 de decembro de 2025 (Reunión 49/2025).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Lérez Ediciones, S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2065 (Expte. 2025076118).*

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Lérez Ediciones, S.L. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade de 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Lérez Ediciones, S.L. (CIF B36003549), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 23/12/2025.

A empresa Lérez Ediciones, S.L. (CIF B36003549) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	140.495,87 €
IVE (21 %)	29.504,13 €
Importe ofertado con IVE	170.000,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Lérez Ediciones, S.L. (CIF B36003549), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025074995).*

Por Resolución Presidencial núm. 2025010187 de data 15/12/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Faro de Vigo, S.A.U. do patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo e o seu calendario no 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 16/12/2025.

A empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	81.611,57 €
IVE (21 %)	17.138,43 €
Importe ofertado con IVE	98.750,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo e o seu calendario no 2026.

4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Matriuska Producciones, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe "O pesadelo das vacas"(Expte. 2025075339).*



Por Resolución Presidencial núm. 2025010500 de data 23/12/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Matriuska Producciones, S.L. do patrocinio da longametraxe “O pesadelo das vacas”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Matriuska Producciones, S.L. (CIF B36486140), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 23/12/2025.

A empresa Matriuska Producciones, S.L. (CIF B36486140) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.661,16 €
IVE (21 %)	4.338,84 €
Importe ofertado con IVE	25.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Matriuska Producciones, S.L. (CIF B36486140), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe “O pesadelo das vacas”.

5. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Anna Kulyk (CIF Y4792577N) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe "Os Salmos"(Expte. 2025075340).*

Por Resolución Presidencial núm. 2025010487 de data 23/12/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Anna Kulyk do patrocinio da longametraxe “Os Salmos”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Anna Kulyk (CIF Y4792577N), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 23/12/2025.

A empresa Anna Kulyk (CIF Y4792577N) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.661,16 €
IVE (21 %)	4.338,84 €
Importe ofertado con IVE	25.000,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Anna Kulyk (CIF Y4792577N), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe “Os Salmos”.

6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de “Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)” (Expte. 2025057071).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009103 de data 12 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra “Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación na reunión de data 11 de decembro de 2025 procedeu á apertura electrónica sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.
- NAROM, S.L..

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	56.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	56.945,53 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	58.430,85 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	54.171,29 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, SL	57.227,86 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	61.376,94 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	55.926,67 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	59.216,47 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	60.499,25 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A Mesa de Contratación detecta que as ofertas formuladas por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., son anormalmente baixas en canto ao prezo, polo que foron requiridas para que a xustificaran e precisasen as condicións das mesmas, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxesen para a execución do contrato.

Unha vez transcorrido o prazo establecido para xustificar o prezo das ofertas, as citadas empresas non atenderon o requirimento, polo que non se teñen en conta a efectos de valorar as ofertas de acordo cos criterios de adxudicación automática establecidos no prego de cláusulas administrativas que rexe no procedemento.

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado

As puntuacións obtidas foron as seguintes:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	31,471	10,00	10,00	5,00	56,47
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	30,560	10,00	10,00	5,00	55,56
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	21,260	10,00	10,00	5,00	46,26



LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
CONSTRUCCIONES VALE, SL	28,793	10,00	10,00	5,00	53,79
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,000	10,00	10,00	5,00	25,00
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	15,751	10,00	10,00	5,00	40,75
NAROM, S.L.	6,399	10,00	10,00	5,00	31,40

A Mesa acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, a exclusión das ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., por presumir que as súas ofertas resultan inviables por ser formuladas en termos que as fan anormalmente baixas e non explicar satisfactoriamente os prezos ofertados.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	56,47
2ª	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	55,56
3ª	CONSTRUCCIONES VALE, SL	53,79
4ª	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	46,26
5ª	MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	40,75
6ª	NAROM, S.L.	31,40
7ª	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00

- 3) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)*" á empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., (CIF B36133196), que acada a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, polo prezo ofertado de 68.728,00 IVE engadido, e de acordo co seguinte detalle:



Importe sen IVE.....	56.800,00 €
IVE (21%)	11.928,00 €
Importe total ofertado:.....	68.728,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., (CIF B36133196), figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 3746) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., (CIF B36133196), mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.840,00 €

7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Ponteareas)-PRTR”. (Expte. 2024078759).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 14 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Ponteareas)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de



novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 11 de decembro de 2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Pontearreas)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja, con data 16 de decembro de 2025, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00

A Mesa de Contratación, na reunión de dada 18 de decembro de 2025, en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao de data 16 de decembro de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó



procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”.

Na mesma reunión procedeuse á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas interesadas na adxudicación deste procedemento aberto simplificado foron os seguintes::

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	548.610,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	545.355,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	595.015,57 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	557.288,46 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	586.759,00 €	2,00%	0 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	541.257,45 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A Mesa de Contratación detectou que a oferta formulada pola empresa NAROM, S.L., é anormalmente baixa en canto ao prezo, polo que foi requirida para que xustificara e precisara as condicións da mesma, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxera para a execución do contrato.

Unha vez transcorrido o prazo establecido para xustificar o prezo da oferta, á citada empresa non atendeu ó requirimento, polo que non se debe de ter en conta a efectos de valorar as ofertas de acordo cos criterios de adxudicación automática establecidos no prego de cláusulas administrativas que rexe no procedemento.

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	29,49	5,00	5,00	5,00	44,49
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	31,12	5,00	5,00	5,00	46,12
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	4,34	5,00	5,00	5,00	19,34
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	25,12	5,00	5,00	5,00	40,12
HORDESCON, S.L.	9,01	0,00	2,50	5,00	16,51
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	29,49	5,00	5,00	5,00	44,49
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	31,12	5,00	5,00	5,00	46,12

A Mesa acorda:

- 1) Propoñer ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa NAROM, S.L, por presumir que resulta inviable por ser formulada en termos que a fan anormalmente baixa e non explica satisfactoriamente os prezos ofertados.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00	46,12	65,12
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	44,49	60,49
3	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	18,00	40,12	58,12
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	19,34	42,34
5	HORDESCON, S.L.	14,00	16,51	30,51

- 3) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810



ata o p.q. 1+710 (Concello de Ponteareas)", á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., que acadou a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, polo prezo ofertado de 659.880,28 € IVE engadido, e de acordo co seguinte detalle:

Importe sen IVE	545.355,60 €
IVE (21%)	114.524,68 €
Importe total ofertado	659.880,28 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (CIF B36258861), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

- 4) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (CIF B36258861), mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 27.267,78 €
- c) Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) de contratista e subcontratistas (modelo anexo III PCAP).



- d) Declaración sobre aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas (modelo anexo IV PCAP).
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (modelo anexo V PCAP).
- f) Acreditación da inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.(Pedir certificado AEAT).
- g) Deberase facilitar o nome e data de nacemento do titular real do contratista e o subcontratista, tal como se define o titular real no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, nos termos nos que se determine polo Ministerio de Facenda e Función Pública, coa finalidade de dar cumprimento á esixencia do artigo 22.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. (Xuntarse cumprimentado o anexo “Información sobre titularidade real” acompañado de Escritura notarial de titular real e DNI).

8. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa O NOSO CLUBE (Expte. 2025075874).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa “O noso club”.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público en data 05/12/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 26 de decembro de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa, resultando admitidas as seguintes empresas:

LOTE 1.- Camisetas, pantalóns cortos e sudaderas

- Rosa María Chaves Miranda (NIF 33892702V)
- Fernando Gómez Ruiz (NIF78492246P)
- Kapuz Portugal (NIF 513291920)
- Rossetti Difussion SA (CIF A79331351)
- Rótulos Mallorca SLU (CIF B16512360)
- Corporación de comunicaciones SL (CIFB36700201)



- Grupo Teiba Integral Services SLU (CIFB39516018)
- Alonso Distribuciones 2012 SL (CIF B39755764)
- Agrupación Guerrero SL (CIF B45627635)
- Monroy Sport SL (CIF B47291117)
- Katacrack shirts SL B63496632
- Global Solucións 2014 SL (CIF B66350471)
- No-Ko Deporte y Salud SL (CIF B74377508)
- Casco Antiguo Comercial SL (CIF B79683579)
- Global DXT SL (CIF B94072964)
- Technical Uniforms SL (CIF B94129756)
- Eurocebian SL (CIF B97199806)
